



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tif. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

CERTIFICACIÓN

ELENA GONZÁLEZ LÓPEZ SECRETARIA DO CONCELLO DE CORISTANCO, (A CORUÑA),
agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO: Que na sesión plenaria celebrada o 25.03.2021 adoptouse o seguinte acordo:

“APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PRIMEIRA FASE.

ANTECEDENTES

O 19.08.2019 o Concello de Coristanco solicita a adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (expte: 2019/G003/000569).

O dito Convenio foi ampliado con ate 4 addendas con posterioridade.

Con data 11.09.19 comunícaselle a este Concello a aprobación da solicitude segundo acta da Comisión de Seguimento do Convenio do día 22.08.19.

Con data 15 de outubro de 2019, a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellaría do Medio Rural, en virtude do establecido no dito Convenio de colaboración, remitiu ao Concello un Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Coristanco elaborado polo SEAGA.

Consonte o artigo 16.5 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia que dispón: A coordinación e a xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais compete aos alcaldes ou alcaldesas. A elaboración, execución e actualización deste planeamento ten carácter obrigatorio, sométese a aprobación o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Coristanco

Con data 11 de marzo de 2021 emítese informe xurídico por parte da Secretaría Municipal.

Examinada a documentación que conforma o Plan, ao abeiro das competencias desta alcaldía segundo o art. 21.1.s) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Coristanco.*



CONCELLO DE
CORISTANCO

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA
15147 - CORISTANCO - A Coruña
Tif. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal
www.coristanco.gal
R. E. L. nº 01150294

CERTIFICACIÓN

SEGUNDO. *Abrir un período de información pública de vinte días laborais mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello. Durante o dito prazo quedará o expediente a disposición de calquera persoa ao obxecto de que se poidan formular as suxestións, observacións ou alegacións que se estimen pertinentes.*

No caso de non formularse alegacións, observacións ou achegas considerarase elevado a definitivo o Plan aprobado inicialmente.

TERCEIRO. *Solicitar informe preceptivo á Dirección Xeral de Defensa do Monte como órgano competente en materia forestal, con carácter previo a súa aprobación definitiva con remisión das alegacións e/ou achegas formuladas.*

“

E para que conste e xurda os efectos oportunos expido o presente certificado, coas salvidades recoñecidas no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Elena González López, asinado dixitalmente pola secretaria, Coristanco, co visto e prace do alcalde, Juan Carlos García Pose